# TESOUROS ECOLÓXICOS

## AS PLANTAS

O illamento das montañas e as condicións ambientais que se dan nelas fai que as plantas desenvolvan adaptacións específicas que as fan únicas e que, moitas veces, sexan tamén os lugares onde se atopan algunhas especies.



**Teixo** centenario na Pasada, na serra do Portelo. Nas serra orientais consérvanse teixos centenarios no medio das fragas (Devesa da Rogueira, A Marronda...) e nas poboacións (Córneas, Cereixido, Carballido, Piornedo...)



**Loro** ou **acereiro** (*Prunus lusitanica*). Unha especie relicta do terciario que en galiza só se atopa en estado solvestre na Serra do Xurés.



*Armeria Merinoi*, endemismo da Serra do Careón. A Planta galega en maior perigo de extinción, pola reducida área de expansión e polo escaso número de exemplares..



**Carballo enano** (*Quercus lusitanica*). Só se atopa no monte Pindo.



**Xansá** (*Gentiana lutea*). Só vive en prados de alta montaña.



**Orquídea** (*Orchis italica*) en Enciña da Lastra. En Galiza existen arredor de 50 especies de orquídeas, a maioría de montaña.



**Dente de can** (*Erytronium dens-canis*). Florece na primavera nas serras orientais e do su.



**Cardo do Xurés** (*Eryngium duriaei* spp. *juresianum*). Endemismo da serra do Xurés.

Tres especies en perigo de extinción por teren unha área de distribución moi reducida.



*Centaurea borjae*. Só se atopa na serra da Capelada.



*Centaurea ultreiae*. Ten a súa única localización mundial nos montes do Castelo.



*Santolina melidensis*. Só se atopa na serra do Careón.

Adela Leiro
Mon Daporta